



APELIDOS, NOME

D.N.I.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: M.E. HEMATOLOXÍA E HEMOTERAPIA

PARTE COMÚN

ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que llo indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **15 minutos**.
- Este cuestionario consta de 10 preguntas máis 2 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 12.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprebre sempre que o número de resposta que sinale na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

– **SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**

– **ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EJERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL



1. Cal dos seguintes órganos que se indican a continuación é o encargado de elaborar o Plan de hemodoazón e hemoterapia de Galicia:
- A) Consello da Xunta de Galicia.
 - B) A Consellería de Sanidade.
 - C) A Asociación Galega de Hematoloxía e Hemoterapia.
 - D) A Comisión de Planificación Transfusional.
2. Indique a resposta correcta:
- A) O presidente da Xunta é elixido polo Parlamento galego entre os seus membros.
 - B) O presidente da Xunta é nomeado polo rei.
 - C) O Presidente da Xunta é politicamente responsable ante o Parlamento.
 - D) Todas as anteriores son correctas.
3. Segundo o establecido no Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o abandono do servizo:
- A) É unha falta grave.
 - B) É unha falta leve.
 - C) É unha falta moi grave.
 - D) Non se considera falta.
4. En relación coa Lei do consentimento informado de Galicia, indique a resposta correcta:
- A) O seu obxecto é regular o consentimento informado dos pacientes, así como a súa historia clínica, e garantir o acceso daqueles á información contida nesta.
 - B) As instrucións previas poderán revogarse libremente en calquera momento, deixando constancia por escrito.
 - C) O titular do dereito á información previa ao consentimento é o paciente. Tamén serán informadas as persoas vinculadas a el, por razóns familiares ou de feito, na medida en que o paciente o permita de forma expresa ou tácita.
 - D) Todas son correctas.
5. A Lei orgánica de protección de datos será de aplicación aos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico, que os faga susceptibles de tratamento, e a toda modalidade de uso posterior destes datos:
- A) Polo sector público.
 - B) Polo sector privado.
 - C) Polo sector público e o sector privado.
 - D) Ningunha é correcta.
6. De conformidade co artigo 1.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:
- A) Todos os españois e os estranxeiros.
 - B) Todos os españois.
 - C) Todos os estranxeiros.
 - D) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.

7. Conforme a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, constituirase un comité de seguridade e saúde en todas as empresas ou centros de traballo que contén con:
- A) 25 ou máis traballadores.
 - B) 50 ou máis traballadores.
 - C) 75 ou máis traballadores.
 - D) 100 ou máis traballadores.
8. O artigo 8 da Lei xeral de sanidade establece que se considera como actividade fundamental do sistema sanitario:
- A) A promoción da saúde e a prevención das enfermidades.
 - B) A concepción integral do sistema sanitario.
 - C) A plena integración das actuacións relativas á saúde mental no sistema sanitario xeral.
 - D) A realización dos estudos epidemiolóxicos necesarios para orientar con maior eficacia a prevención dos riscos para a saúde.
9. Segundo o establecido na normativa que regula a hemodoazón e a hemoterapia en Galicia, a conservación dunha seroteca ou plasmateca de mostras de todas as doazóns de sangue será almacenada cando menos por un período mínimo de:
- A) 10 anos.
 - B) 5 anos.
 - C) 15 anos.
 - D) Non se conservan.
10. A iniciativa da reforma do Estatuto de Galicia corresponderá:
- A) Á Xunta, ao Parlamento galego, por proposta dun sexto dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.
 - B) Á Xunta, ao Parlamento galego, por proposta dun quinto dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.
 - C) Á Xunta, ao Parlamento galego, por proposta dun terzo dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.
 - D) Á Xunta, ao Parlamento galego, por maioría absoluta dos seus membros.
11. O Plan de hemodoazón e hemoterapia de Galicia desenvolverase, entre outros, mediante os seguintes programas:
- A) Programas de acreditación de servizos de transfusión.
 - B) Programa de voluntariado.
 - C) Programa de promoción da doazón de sangue.
 - D) Todas as anteriores son correctas.
12. O dereito á protección da saúde na Constitución española:
- A) Está nos dereitos fundamentais.
 - B) Está entre os principios reitores da política social e económica.
 - C) Está entre as garantías dos dereitos fundamentais.
 - D) Está entre os deberes da Administración.